

funcionarios/as con habilitación de carácter estatal pertencentes á subescala de intervención-tesouraría, conforme o acordo adoptado polo Pleno en sesión realizada o 21 de maio de 2007, sobre aprobación definitiva da relación de postos de traballo.

Ao abeiro do previsto no artigo 2 do Real decreto 1732/1994, do 29 de xullo, sobre provisión de postos de traballo reservados a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, en relación coa disposición transitoria sétima da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, a Secretaría do Concello de Moaña está clasificada en clase segunda, establecéndose na letra f) do citado artigo 2 que nas corporacións locais con Secretaría de clase segunda será a relación de postos de traballo a que determine se o posto de tesouraría está reservado a habilitado con carácter estatal, así como que os postos de tesouraría reservados a funcionarios con habilitación estatal pertencerán á subescala de intervención-tesouraría.

Por todo isto, en aplicación do establecido nos artigos 2 e 9 do Real decreto 1732/1994, do 29 de xullo, modificado polo Real decreto 834/2003, do 27 de xuño, e no uso da atribución do artigo 13 bis da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, en relación co artigo 241 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, e de conformidade coa Orde do 12 de setembro de 2005, sobre delegación de competencias, esta dirección xeral

#### *DISPÓN:*

Crear o posto de traballo de tesouraría no Concello de Moaña, reservándoo a funcionarios/as con habilitación estatal pertencentes á subescala de intervención-tesouraría e sendo o seu sistema de provisión o concurso.

Contra esta resolución que lle pon fin á vía administrativa poderase interpoñer recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, conforme o disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ou poderase impugnar directamente perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde a mesma data, segundo determina o artigo 46 da Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2008.

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo  
Directora xeral de Administración Local

## **CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

*Resolución do 9 de xaneiro de 2008, da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se nomea e se fai pública a composición do tribunal que deberá xulgar as probas de acceso aos ciclos formativos de grao medio e superior de formación profesional específica para o curso 2008-2009.*

Mediante a Resolución do 18 de decembro de 2007, da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, acórdase convocar probas de acceso aos ciclos formativos de grao medio e de grao superior de formación profesional específica en centros docentes sostidos con fondos públicos.

Segundo a autorización establecida no punto sexto, número 2, da Orde do 1 de abril de 2002, pola que se regulan as probas de acceso aos ciclos formativos de formación profesional específica, esta dirección xeral

#### *RESOLVE:*

Facer pública a composición do tribunal único que deberá xulgar as probas de acceso aos ciclos formativos de formación profesional específica de grao medio e superior da Comunidade Autónoma de Galicia, para o curso 2008-2009, que figuran no anexo desta resolución.

Este tribunal terá dereito a percibir as indemnizacións que lle corresponden á categoría terceira, segundo o Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razóns de servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia.

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2008.

Antonio Vázquez Vázquez  
Director xeral de Formación Profesional  
e Ensinanzas Especiais

#### *ANEXO*

Presidenta: Carmen García Rodríguez, inspectora de Educación.

Vogais:

Xesús Cociña Souto, profesor de ensino secundario.  
Elva Boullosa Moure, profesora de ensino secundario.  
Carmen Meiriño González, profesora de ensino secundario.

Francisco Javier Boado Rial, profesor de ensino secundario.

Rosa M<sup>a</sup> Amado Lorenzo, profesora de ensino secundario.

Pilar Peñas Boleas, profesora de ensino secundario.

Begoña Potí Vázquez, profesora de ensino secundario.

Enrique Álvarez Escudero, profesor de ensino secundario.

Leopoldo Bahillo Varela, profesor de ensino secundario.

Luis M. Villaverde López, profesor de ensino secundario.

Antonio Lago Dacosta, profesor de ensino secundario.

David Rodríguez Miguéns, profesor de ensino secundario.

Nuria Veiga Quicler, profesora de ensino secundario.

Isabel Otero García, profesora de ensino secundario.

Nuria Isabel Fernández García, profesora de ensino secundario.

Domingo García Bartolomé, profesor de ensino secundario.

Suplentes:

Presidente: Manuel Corredoira López, inspector de Educación.

Vogais:

Serafín Vázquez Álvarez, profesor de ensino secundario.

Lucía Abuín Abel, profesora de ensino secundario.

Juan Granados Loureda, profesor de ensino secundario.

Antonio Lago Sánchez, profesor de ensino secundario.

Juan Carlos Varela Vázquez, inspector de Educación.

Dolores Carballo Davila, profesora de ensino secundario.

José Antonio Jardón Bahía, profesor de ensino secundario.

M<sup>a</sup> Elena Guntiñas Rodríguez, profesora de ensino secundario.

Elena Castiñeiro Rivadulla, profesora de ensino secundario.

José M<sup>a</sup> Orbaneja Orjales, profesor de ensino secundario.

Belisario Sánchez Meiriño, profesor de ensino secundario.

Pío Novo Álvarez, profesor de ensino secundario.

M<sup>a</sup> Esperanza Vázquez Iglesias, profesora de ensino secundario.

José Antonio Rodríguez Fernández, profesor de ensino secundario.

José Ángel Agrasar Muíños, profesor de ensino secundario.

Hermógenes Cobas Gamillo, profesor de ensino secundario.

Eduardo Fernández Ares, inspector de Educación.

*Anuncio do 9 de xaneiro de 2008, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se comunica a apertura dun prazo para solicitar prazos de interinidades e substitucións no corpo de profesores de ensino secundario especialidade de francés e profesores de música e artes escénicas especialidades de trompa e gaita galega.*

Primeiro.-Comunícase que está aberto o prazo para posibles interinidades ou substitucións para os seguintes corpos e especialidades:

#### 1. Corpo de profesores de ensino secundario.

Especialidade	Titulación
Francés	-Licenciatura en filoloxía francesa.
	-Licenciatura en filoloxía románica.
	-Licenciatura en filosofía e letras, sección filoloxía románica.
	-Licenciatura en tradución e interpretación, sempre que se cursase francés como primeira lingua estranxeira.
	-Licenciatura en lingüística, sempre que se cursase francés como primeira lingua estranxeira.

#### 2. Corpo de profesores de música e artes escénicas.

Especialidade	Titulación*
Trompa	1º Título de profesor superior.
	2º Título de profesor do plan do ano 1966 ou de acordo coas equivalencias establecidas no Real decreto 1542/1994, do 8 de xullo (BOE do 9 de agosto).
	Ámbos os dous do instrumento correspondente.
Gaita galega	Título superior de instrumentos da música tradicional e popular.

\* Os titulados de profesor superior terán preferencia sobre os titulados de profesor do plan do ano 1966 aínda que o baremo sexa inferior.

Segundo.-Prazo de solicitude.

O prazo para presentar a instancia de solicitude, na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou nas súas delegacións provinciais, será de dez días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

Terceiro.-Modelo de solicitude.

O modelo de solicitude poderá ser recollido na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nas súas delegacións provinciais, e está á disposición tamén na páxina web da consellería, no enderezo [www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es) profesorado/interinos-substitutos/convocatorias apertura de listaxes de substitutos, servizo de secundaria (documentos relacionados).

Cuarto.-Comisión baremadora.

A asignación da puntuación que lles corresponde aos concursantes será levada a cabo por unha comisión constituída por funcionarios destinados na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Esta comisión estará cualificada na categoría primeira para efectos do previsto no Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG do 25 de xuño).